

INFORMACIÓN SOBRE O EXPEDIENTE MATRIMONIAL

- *É obrigatorio que un dos contraentes estea empadroado en Pontearreas.*
- *O día da cita deberán acudir os dous a entregar o formulario e a documentación indicada.*
- *Por favor, antes de pedir cita comprobe que ten toda a documentación necesaria, que é a seguinte:*

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Certificación literal actual de nacemento de ambos, expedida polo Rexistro Civil do lugar de nacemento
- Certificado de empadramento actual ou de residencia acreditativo do domicilio de ambos os contraentes dos dous últimos anos.
- Formulario de declaración xurada debidamente cuberto e asinado polos dous.
- Fotocopia do DNI/NIE/PASAPORTE de ambos os interesados.
- Fotocopia do libro de familia común, de ser o caso.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:

- ✓ PARA MENORES DE IDADE: se son maiores de 16 anos, na certificación literal de nacemento debe constar nota marxinal de emancipación; se son maiores de 14 anos e menores de 16, deben obter previamente a dispensa xudicial.
- ✓ PARA PERSOAS DIVORCIADAS OU CON ANULACIÓNS MATRIMONIAIS ANTERIORES: certificación literal de matrimonio con nota marxinal de DIVORCIO ou NULIDADE. As sentenzas de divorcio ditadas por tribunais estranxeiros necesitan *exequatur*.
- ✓ PARA PERSOAS VIÚVAS: Certificación literal de matrimonio anterior e certificación de defunción literal do cónxuxe.
- ✓ PARA PERSOAS ESTRANXEIRAS:
 - Certificación de inscrición consular da persoa interesada, con expresión do seu domicilio, tempo de residencia en España e lugar de procedencia.
 - Certificado de estado civil (emitido polo consulado do país ou organismo competente). Ademais, deberá acreditarse se a LEI PERSOAL do seu país esixe a publicación de edictos ao contraer matrimonio civil en España.
 - As persoas nacionais de Austria, Luxemburgo, Italia, Países Baixos e Portugal deberán presentar certificado de CAPACIDADE MATRIMONIAL.
- ✓ PARA PERSOAS ASILADAS, REFUXIADAS POLÍTICAS OU SOLICITANTES DE ASILO OU REFUXIO: deberán presentar certificado da Dirección Xeral da Policía, de ACNUR, da Cruz Vermella Española ou doutro organismo, con todos os datos

persoais dos interesados (nome, apelidos, data e lugar de nacemento, nome dos pais, sexo, estado civil e domicilio actual), acreditativo da súa condición de tal.

TODA A DOCUMENTACIÓN QUE NON SEXA ESPAÑOLA (SALVO OS CERTIFICADOS EUROPEOS PLURILINGÜES) DEBERÁ SER TRADUCIDA POR TRADUTOR/A XURADO/A E LEGALIZADA POLO CONSULADO ESPAÑOL NESE PAÍS OU POLA APOSTILA DA HAIA. En caso de non estar legalizada nin traducida, deberá acudir ao Ministerio de Asuntos Exteriores (C/ General Pardiñas, 55 28006 Madrid).

Aquelas persoas solicitantes que non saiban falar en galego ou en castelán deberán comparecer asistidas de tradutor/a xurado/a ou intérprete.

DEBERÁN COMPARECER O DÍA DA CITA CO SEU DNI/PASAPORTE/NIE